

Balance do turismo en Galicia

Marco turístico - Ano 2023

Fonte: ETR/Frontur/EGATUR



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

MARCO TURÍSTICO 2023

Turistas

11,47 mill.
(+7,0%)

Noites

58,92 mill.
(+10,0%)

**Duración
viaxe**

5,1 días
(+2,8%)

**T.
Nacional
(noites)**

74,0%
(-3,6 ptos)

Compostelas

446.042
(+1,8%)

Excursións

16,31 mill.
(-3,7%)

**Gasto
total**

**4.739,27
mill.**
(+23,5%)

**Gasto
medio
diario
Turistas**

80,4 €
(+12,3%)

**Gasto
medio
diario
Excursionistas**

42,9 €
(+2,4%)




MARCO TURÍSTICO 2023


Con datos finais das enquisas de demanda do INE –ETR para o turismo de ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional- conclúese que no pasado ano 2023 visitaron Galicia un total de 11,5 millóns de turistas que xeraron algo máis de 58,9 millóns de noites no conxunto da comunidade. O volume de turistas supera nun 7% o dato do pasado ano 2022 pero fica aínda por debaixo dos niveis anteriores á crise –sitúase concretamente no 98% do nivel de hai catro anos-. En cambio, no relativo ás noites o grao de recuperación da demanda é maior e permite superar os valores habituais antes da pandemia e rexistrar, en esencia, un máximo da serie histórica. Son máis de cinco millóns de novas pernoctacións respecto dos niveis anteriores á crise.

A duración media da viaxe a Galicia sitúase en 5,1 días, cifra que supera o nivel do pasado ano –nun 3%- así como os valores habituais da comunidade –no trienio 2017-19 situábase no contorno de 4,6 días- logo de ascender a 6,2 días de media en 2020. A pandemia provocou unha caída do número de viaxes pero ao mesmo tempo un incremento da duración das mesmas, e a progresiva recuperación da actividade turística leva ao regreso a niveis habituais na comunidade se ben nun sentido estrito acada agora o valor máis elevado da serie sen ter en conta o período de pandemia.

Turistas con destino principal Galicia. 2016-23



Duración da viaxe a Galicia. 2016-23




MARCO TURÍSTICO 2023


O 86% dos turistas que visita Galicia é de orixe estatal, porcentaxe que inclúe aos residentes na comunidade –o turismo interno, que supón o 51,8% do total dos turistas- e aos que proveñen do resto do Estado –turismo receptor nacional, que representa neste caso o 33,9%- . Un 14,3% dos turistas son de orixe internacional. Esta estrutura amosa un notable peso do mercado interno en Galicia pois máis da metade dos turistas teñen orixe na propia comunidade.

A estrutura cambia se analizamos as cifras desde o punto de vista das noites. Neste caso o peso do mercado interno sitúase no 28%, o do receptor nacional no 46% e o do internacional no 26%. A diferenza radica na duración das viaxes de cada un dos segmentos considerados. Así, neste ano 2023 o turista interno fica de media 2,8 días na comunidade, o que procede do resto do Estado 7,0 días mentres que o turista estranxeiro permanece, de media, 9,4 días. Desde o punto de vista das pernoctacións, por tanto, o mercado receptor absorbe sete de cada dez noites sendo aquel de ámbito nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas- o de maior peso na comunidade –co 46% do total-.

Peso dos mercados turísticos en Galicia. Turistas 2023



Duración da viaxe a Galicia, por mercados. Ano 2023




MARCO TURÍSTICO 2023

O incremento do número de turistas en relación ao pasado ano vén como consecuencia do bo comportamento observado polos tres grandes segmentos de mercado, con intensidade variable. O turismo nacional é o que presenta a suba máis moderada, con crecementos do 3,2% para o turismo interno –dos residentes en Galicia- e do 5,4% para o receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-. O mercado internacional amosa, en cambio, un incremento máis intenso superando nun 29% o volume de turistas do pasado ano.


O bo comportamento do mercado receptor nacional permite a este segmento superar tamén o nivel previo á pandemia, de 2019 –nun 20%- e acadar un máximo da serie histórica con 3,9 millóns de turistas. O internacional mantense en niveis parellos aos do pasado ano –superando por segunda vez na serie histórica a barreira dos 1,6 millóns de turistas-.

Neste contexto positivo marca a excepción o mercado interno pois é o único que se mantén por debaixo dos niveis de demanda anteriores á pandemia –cun nivel de recuperación próximo ao 90%-.

Variación da demanda por procedencia. Turistas 2023/22



Variación da demanda por procedencia. Turistas 2023/19



MARCO TURÍSTICO 2023


O 44% dos turistas elixe algunha modalidade de aloxamento de mercado durante a súa visita a Galicia, cifra que engloba aos hoteis e tipoloxías similares –co 26,0%- e outras modalidades como os cámpings, albergues ou vivendas turísticas, entre outras –co 18,0% neste caso-. A maior parte dos turistas opta sen embargo por alternativas fóra de mercado –o 56% neste caso- destacando o uso da casa de familiares/amigos.

O tipo de aloxamento utilizado cambia notablemente en función do mercado de orixe. Así o turista interno, residente en Galicia, opta fundamentalmente por modalidades fóra de mercado –o 74%-, destacado a casa de familiares/amigos ou a segunda residencia. Unha cuarta parte prefire alternativas “de mercado”.


O turista español que vén de fóra de Galicia ten un perfil máis heteroxéneo –o 32% elixe o hotel ou similares, o 25% outras alternativas de mercado e o 43% modalidades fóra de mercado-.

O uso do hotel e similares é a opción preferida polo turista internacional. Así, o 65% dos mesmos elixe esta alternativa fronte ao 14% que prefire outras modalidades de mercado ou o 22% que elixe alternativas fóra de mercado.

**Distribución da demanda por tipo de aloxamento.
Turistas 2023**



Tipo de aloxamento preferente segundo o mercado de orixe. Ano 2023




MARCO TURÍSTICO 2023

O incremento do número de turistas en relación ao pasado ano é unha característica que se produce nos tres segmentos concretos do aloxamento. A suba é de menor intensidade nos hoteis e tipoloxías similares –que rexistran un crecemento do 2,6%- e nas alternativas fóra de mercado –que presentan un incremento global do 3,5% neste caso-, e máis notable nas alternativas de aloxamento de mercado fóra dos hoteis –inclúe a cámpings, albergues, turismo rural ou vivendas de uso turístico, entre outras-, que sobe un 28,3% neste caso.


O comportamento positivo do número de turistas nas diferentes tipoloxías de aloxamento presenta variacións de diferente dirección e intensidade segundo o mercado de orixe. Obsérvase desta maneira unha dinámica homoxénea no segmento internacional que aporta resultados positivos nas tres grandes modalidades de aloxamento, con subas do 13% nos hoteis e similares, do 46% no resto de mercado e de case o dobre no aloxamento fóra de mercado.

O mercado nacional amosa, en cambio, un comportamento máis variable. Os residentes en Galicia presentan unha dinámica positiva no aloxamento de mercado –de maior intensidade nas tipoloxías extrahoteleiras- e un pequeno axuste no aloxamento fóra de mercado. Os españois residentes noutras comunidade autónomas optaron, en cambio, por un incremento no uso de tipoloxías de aloxamento non hoteleiras, tanto de mercado –coa suba do 18%-coma de non mercado –co incremento do 11% neste caso-. Presenta, en cambio, unha caída no uso dos hoteis e similares, do 8% neste caso.

Variación da demanda por tipo de aloxamento. Turistas 2023/22



Variación da demanda por tipo de aloxamento e mercado de orixe. 2023/22




MARCO TURÍSTICO 2023

No pasado ano 2023 os turistas de Galicia visitan a nosa comunidade por dous grandes motivos fundamentalmente: por vacacións e/ou ocio –o 49% do total- e para visitar a familiares e/ou amigos –o 36%- . Un 8% viaxa por traballo/negocios mentres que o 7% restante faíno por outros motivos.


Esta distribución cambia segundo o segmento de mercado de orixe. Así, o turista interno viaxa pola comunidade principalmente para visitar a familiares/amigos –o 46%- e tamén, nunha porcentaxe algo menor, por vacacións –o 38% neste caso-. O mercado receptor, en cambio, visita a comunidade por motivos de ocio –así o manifesta o 54% dos españois que proceden doutras comunidades autónomas e o 73% dos estranxeiros-, quedando os restantes motivos cun peso menor.

Nos tres segmentos de mercado o turismo de negocios ten un peso semellante, de entre o 7% o estranxeiro ao 9% o interno.

Distribución da demanda segundo motivo da viaxe.
Turistas 2023



Motivo da viaxe segundo o mercado de orixe. Ano 2023



MARCO TURÍSTICO 2023


Os diferentes segmentos de mercado segundo o motivo da visita presentan un comportamento variable, algo diferente neste ano 2023. Aquel de maior volume e peso, o vacacional, rexistra un incremento do 7,2% en relación ao pasado ano 2022, con preto de 5,6 millóns de turistas –circunstancia insuficiente para superar o nivel previo á pandemia, de 2019, ficando cun 92% do volume de hai catro anos-.

O segundo grande segmento mantense en cambio estable, nos mesmos niveis de demanda do pasado ano así como de 2019. Desta maneira o mercado que viaxa a Galicia para visitar a familiares e/ou amigos amosa no medio e longo prazo certa estabilidade no volume de turistas. O segmento de negocios presenta un leve descenso do 1,7% mentres que o dos restantes motivos dobra o volume do pasado ano –circunstancia que ten un efecto menor por canto atinxe a un volume baixo de demanda-.


O bo comportamento do segmento vacacional é unha particularidade que se observa no turismo interno –coa suba do 5%- e internacional –co incremento do 30% neste caso-. Mantense estable, en cambio, no receptor nacional.

En cambio, a estabilidade do segmento de visita a familiares/amigos vén como consecuencia de variacións dispares nos mercados, con caída no interno e crecemento no receptor.

Variación da demanda por motivo da visita. Turistas 2023/22



Variación da demanda por motivo da visita e mercado de orixe. 2023/22



TURISMO NACIONAL - ETR

No ámbito nacional a operación que mide o volume e características do turismo é a Enquisa de Turismo de Residentes (ETR). Esta operación ofrece datos trimestrais cun retardo de cinco meses.

Así, segundo esta operación no pasado ano 2023 realizáronse algo máis de 9,8 millóns de viaxes dos españois con destino principal Galicia, cifra que supera nun 4% o dato do anterior 2022 se ben fica por debaixo do nivel anterior á pandemia, recuperando o 98% do total de 2019 neste caso.


O 38% das viaxes realízanse no terceiro trimestre do ano sendo agosto o mes de maior afluencia turística a Galicia—con máis de 1,7 millóns de viaxes absorbe o 18% do total deste 2023-. A evolución ao longo do ano reflicte un comportamento dispar en termos de variación interanual, alternándose meses de crecemento con meses de caídas de diversa intensidade. Así, obsérvase un comportamento positivo na temporada media e alta —de xuño a setembro, coa excepción da caída rexistrada en xullo— así como en xaneiro e decembro. Descende, en cambio, o número de turistas na temporada baixa, concretamente en febreiro, marzo e outubro e novembro.

O regreso á “normalidade” no comportamento da demanda turística ten como consecuencia que a evolución do número de turistas ao longo do ano mantéña o carácter estacional, con incremento suave da demanda de xaneiro a xuño —cun pico na Semana Santa-, forte suba no verán —período de maior afluencia turística á comunidade- e volta a niveis propios da temporada media e baixa na parte final do ano.

Turismo nacional en Galicia. ETR 2023



Turismo nacional en Galicia. Var. 2023/22, por meses



TURISMO NACIONAL - ETR


Neste pasado ano 2023 seis de cada dez noites realizadas polo turista español en Galicia rexístrase no segmento do aloxamento “fóra de mercado”, sendo a vivenda de familiares e/ou amigos a tipoloxía máis demandada. O 40% restante corresponde, en cambio, a algunha modalidade denominada “de mercado” entre as que destacan o uso do hotel ou apartahotel e a vivenda en aluguer.

Máis polo miúdo obsérvase que o 39,5% das noites corresponden ao uso de vivendas de familiares e/ou amigos, tipoloxía máis demandada e que se sitúa fóra do mercado. Colócanse a continuación a vivenda en propiedade ou segunda residencia –co 18,8%-, a vivenda de aluguer –co 15,8%- e o hotel ou apartahotel –co 12,5% neste caso-. Estas catro modalidades absorben en conxunto ao 87% do total das noites.


A vivenda de familiares e/ou amigos é a tipoloxía máis usada tanto polo turista interno coma polo que procede do resto do Estado, en proporcións importantes que se sitúan no 45% para os primeiros e no 36% para os segundos. O 22% das noites dos residentes corresponden á segunda residencia, e o 13% para a vivenda en aluguer.

No caso da demanda receptora nacional, logo da vivenda de familiares e/ou amigos as seguintes tipoloxías de maior uso son a vivenda de aluguer –co 18%-, a vivenda en propiedade ou segunda residencia –co 17%- e o hotel e tipoloxías similares –co 16% neste caso-.

Aloxamento utilizado polo turista nacional. Noites 2023



Principais tipoloxías por segmento de mercado



TURISMO NACIONAL - ETR


O turista residente en Galicia viaxa principalmente pola comunidade en fin de semana –así o manifestan o 62% dos mesmos neste ano 2023-. O 18% viaxa en períodos vacacionais concretos entre os que destacan as viaxes en pontes concretas ou as vacacións de verán. O 20% realiza outro tipo de viaxes de perfil variado nos que se inclúen os motivos laborais, estudos e desprazamentos por motivos persoais en calquera momento do ano.

En cambio, o turista español residente fóra de Galicia viaxa á comunidade principalmente en período vacacionais –así o manifesta o 47% dos mesmos-, destacando as vacacións do verán co 32% do total. O 20% visita a comunidade en fin de semana mentres que o terzo restante viaxa en calquera momento do ano por motivos variados e asociados a desprazamentos de traballo, estudos e motivos persoais.


Entre as principais actividades que realizan os españois na súa viaxe a Galicia destacan a visita a familiares e/ou amigos –o 53%-, o disfrute da praia –o 25%-, a práctica de sendeirismo ou montañismo –o 22%- e a visita a lugares de especial interese turístico como as cidades –o 21%- e os espazos naturais –o 18% neste caso-.

Ambos segmentos de mercado presentan como principal actividade a visita a familiares e/ou amigos en proporcións importantes. Difiren en cambio nas segundas opcións, que se sitúan en actividades de natureza como o sendeirismo e o disfrute da praia para o turista residente en Galicia e en actividades culturais e visita a cidades para o que provén de fóra de Galicia.

Tipo de viaxe, segundo mercado de orixe. Ano 2023



Principais actividades realizadas. Ano 2023



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste ano 2023 visitaron Galicia máis de 1,6 millóns de turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que, segundo o INE, superou nun 29% a cifra do pasado ano. Este incremento permite a este segmento situarse por vez primeira desde a pandemia levemente por encima dos niveis de 2019, cun incremento do 1%. O grao de recuperación do mercado internacional é lento segundo esta fonte, pero leva a rexistrar agora en 2023 un máximo da serie histórica.

O 44% dos turistas estranxeiros teñen orixe no país veciño, Portugal, constituíndo o noso principal mercado emisor. O 56% procede, en consecuencia, dos restantes países destacando neste grupo Francia -co 8,5%- e EE.UU. -co 6,8% do total internacional-. Esta fonte recolle tamén o forte impulso do mercado americano neste 2023.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte tamén de Portugal –en particular o 87%-, estímase en preto de 2,8 millóns de persoas durante todo o ano –un 7% máis que en 2022 pero un 3% menos que no anterior ano 2019-. Este segmento fica, por tanto, por debaixo dos valores anteriores á crise.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR ano 2023

	Ano 2023	Var. 2023/22	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	1.639.173	28,9%	100,0%
Portugal	727.440	11,8%	44,4%
Resto países	911.733	46,7%	55,6%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	2.770.994	7,3%	100,0%
Portugal	2.420.366	4,3%	87,3%
Resto países	350.628	33,6%	12,7%



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR


O incremento do turismo internacional en Galicia agora en 2023 vén como consecuencia do bo comportamento observado en todos os mercados estranxeiros. O principal deles, Portugal, supera nun 12% o número de turistas do pasado ano marcando con isto un máximo da serie histórica con algo máis de 727 mil. Amsa tamén subas importantes os restantes mercados prioritarios –do 53% Francia ou do 32% EE.UU., entre outros-.

Tomando en consideración datos máis globais obsérvase un incremento notable tanto no mercado europeo –o conxunto de Europa sen Portugal presenta unha suba do 62%- coma americano e do resto do mundo –do 24% neste caso-.


O 73% dos turistas visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 12% visitou Galicia por motivos persoais e un 7% fixoo por negocios-. O 7% afirma visitar a nosa comunidade por outros motivos.

Todos os perfiles de demanda superan os volumes de turistas do pasado ano –con maior intensidade aquel que vén a Galicia por motivos persoais- coa excepción do segmento de negocios que fica un 30% por debaixo da cifra de 2022.

Variación do turismo internacional, por procedencia. 2023/22



Variación do turismo internacional. Principais segmentos por motivación, 2023/22




TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

O 78% dos turistas estranxeiros que visitaron Galicia neste ano 2023 aloxáronse nalgunha modalidade denominada “de mercado”, isto é, adquirindo o servizo a cambio dun prezo. Destaca singularmente o uso do hotel e tipoloxías similares –co 64% do total- fronte ás restantes alternativas. O 22% opta por modalidades “fóra de mercado” entre as que destacan a vivenda de familiares/amigos –co 16%- e a vivenda en propiedade ou segunda residencia –co 4% do total neste caso-.


Todos os segmentos de mercado considerados desde o punto de vista do aloxamento utilizado presentan un comportamento positivo en relación ao pasado ano, superando o volume de turistas de 2022 –coa excepción dos cámpings-. Esta dinámica permite a algunhas modalidades “de mercado” superar tamén as cifras de 2019, con maior intensidade o aloxamento de turismo rural. O segmento de “fóra de mercado” fica en cambio por debaixo dos niveis anteriores á crise.

Esta diversidade de comportamento afecta á estrutura da demanda e no segmento internacional obsérvase unha perda do peso do aloxamento “de mercado” e, no lado contrario, un reforzo dos aloxamentos “non de mercado”, sobre todo da vivenda de familiares e amigos –gañan seis puntos de cuota de mercado-. No lado contrario os hotéis amosan unha perda de nove puntos no seu peso sobre a estrutura global.

Aloxamento utilizado polo turista internacional, e variación interanual. Ano 2023



Cambio no perfil da demanda internacional, segundo aloxamento. Ano 2023/22



GASTO TURÍSTICO

En termos de gasto, utilizando as operacións da Enquisa de Turismo de Residentes para o ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional, estímase que neste ano 2023 o gasto total dos turistas en Galicia ascende a 4.739 millóns de euros, cifra que supera nun 23,5% o nivel do pasado ano e nun 39,9% a cifra de 2019, marcando con isto un máximo da serie histórica na comunidade.


O 54% do gasto corresponde ao turismo de ámbito nacional –o 15% vén dos residentes en Galicia e o 39% do turismo procedente do resto do Estado– mentres que o 46% restante provén do turismo internacional.

En termos de gasto medio diario obsérvase neste 2023 un comportamento homoxéneo para os tres segmentos de mercado, con incrementos xeneralizados de diversa intensidade.

O gasto medio diario do turista nacional increméntase neste ano, circunstancia que afecta tanto ao interno como ao que procede do resto do Estado. Así, o gasto medio diario do turista residente supera nun 9,3% a cifra de 2022 –situándose en 43,4 euros por persoa e día– mentres que o do turista de fóra de Galicia increméntase nun 1,2% –tamén en relación ao dato do pasado ano– para situarse en 67,5 euros por persoa e día neste caso. O internacional presenta similar comportamento pero de maior intensidade. O gasto medio diario do turista estranxeiro sitúase un 14,7% por encima do nivel de 2022, con 143,0 euros por persoa e día.

Con esta dinámica os tres segmentos de mercado superan os niveis de gasto medio diario de 2019, marcando todos agora en 2023 máximos da serie histórica.

Gasto total dos turistas en Galicia. 2016-23



Gasto medio diario dos turistas, por mercados. Volume e variación 2023/22

	Interno	Recep. Nacional	Internacional
GASTO MEDIO DIARIO	43,4 €	67,5 €	143,0 €
Var. 2023/22	9,3%	1,2%	14,7%


EXCURSIONISMO 2023

O excursionismo en Galicia ten un marcado carácter interno. Con datos das enquisas de demanda do INE –ETR para o turismo de ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional- estímase que no pasado ano 2023 visitaron Galicia máis de 16,3 millóns de excursionistas, cifra que na súa maior parte corresponde a movementos dos residentes en Galicia dentro da propia comunidade. Entorno a 13 millóns de excursionistas son, en síntese, viaxes dun só día dos residentes dentro de Galicia. Un 17% corresponde ao excursionismo estranxeiro, esencialmente de fronteira con Portugal -viaxes dun só día dos portugueses cara á nosa comunidade, que supoñen o 87%-. O excursionismo procedente do resto de España ten un carácter residual.


O volume do excursionismo a Galicia descende un 3,7% en relación ao nivel do pasado ano 2022 –cando se rexistraban preto de 17 millóns de excursionistas-. En consecuencia mantense o volume por debaixo dos valores previos á pandemia –de 2017 a 2019 o volume do excursionismo superaba os 20 millóns-.

Obsérvase un comportamento dispar en función do mercado de orixe. Así, en 2023 descende o excursionismo de ámbito nacional, maioritariamente interno -nun 5,7%-, e increméntase, en cambio, o excursionismo estranxeiro -nun 7,3% neste caso-.

Excursionismo con destino principal Galicia. 2016-23



Procedencia dos excursionistas. Ano 2023



EXCURSIONISMO 2023

En termos de gasto, utilizando novamente as operacións da Enquisa de Turismo de Residentes para o ámbito nacional e FRONTUR/EGATUR para o internacional, estímase que neste ano 2023 o gasto total dos excursionistas en Galicia ascende a 700 millóns de euros, cifra que neste caso descende un 1,4% en relación ao pasado ano para ficar igualmente por debaixo da cifra de 2019. O máximo da serie acádase en 2017 con 820 millóns de euros.


O 76% do gasto corresponde ao excursionismo de ámbito nacional –a inmensa maioría de carácter interno- mentres que un 24% provén das visitas dun día dos estranxeiros.

En termos de gasto medio diario obsérvase neste 2023 un comportamento dispar para os dous grandes segmentos de mercado. Así, o gasto medio diario do excursionista residente en España supera nun 4,1% a cifra de 2022 -situándose en 39,4 euros por persoa e día-. O excursionista estranxeiro, en cambio, gasta 60,3 euros, un 6,8% menos que no pasado ano.

Con esta dinámica o excursionismo nacional marca agora en 2023 un máximo da serie histórica en gasto medio diario.

En termos de gasto total as variacións en ambos segmentos de mercado son de baixa intensidade, manténdose en volumes parellos aos do pasado ano.

Gasto total do excursionismo en Galicia. 2016-23



Gasto medio diario dos excursionistas, por mercados. Volume e variación 2023/22

	Nacional	Internacional
GASTO MEDIO DIARIO	39,4 €	60,3 €
Var. 2023/22	4,1%	-6,8%

Balance do turismo en Galicia

Marco turístico - Ano 2023



TURISMO
DE
GALICIA

galicia